

★ ★ ★ ★

# CINEUROPA

# 2024

38 EDICIÓN  
7-24.11.2024  
SANTIAGO DE  
COMPOSTELA

★ ★ ★ ★

---

## XURADO NOVO | CINEUROPA38

---

Aberto o prazo de inscrición para participar no proceso de selección de integrantes do Xurado Novo do CINEUROPA38, que se celebrará do 7 ao 24 de novembro de 2024 en Santiago de Compostela.

Para formar parte del, cómpre ter entre 18 e 25 anos e dispoñibilidade para ver durante o festival a selección de filmes que serán sometidos a avaliación (arredor de 20). Non poderán participar nesta convocatoria aquelas persoas que xa formaran parte dalgún dos Xurados Novos de Compostela Cultura.

O xurado comporá un palmarés que se fará público na clausura do CINEUROPA38 e que incluírá as seguintes categorías:

- Mellor Película
- Mellor Dirección
- Mellor Guión
- Mellor Interpretación Feminina
- Mellor Interpretación Masculina

As persoas integrantes do xurado terán acceso libre a todas as sesións previa retirada de invitación, sempre e cando a capacidade das salas o permita.

### Inscrición

As persoas interesadas en participar deberán encher o formulario [dispoñible en liña](#), no que se lles pedirán unha serie de datos e a resposta ás 10 preguntas.

### Enderezo de correo electrónico

Nome e apelidos

Teléfono

Data de nacemento

Foto con boa resolución

### Cuestionario:

1. Explícanos quen es en 140 palabras
2. Nomea dúas directoras e dous directores da túa preferencia
3. Indica os teus cinco filmes preferidos
4. Cal foi a última película que viches en Cineuropa? E nas salas de cinema?
5. A cantas sesións asistiches o ano pasado en Cineuropa?
6. Que filme che gustaría ver nesta edición do festival?
7. A quen lle darías o Premio Cineuropa?
8. Que outros festivais de cinema coñeces en Compostela?
9. Con que frecuencia vas ao cinema?
10. Por que queres formar parte do xurado?

**Prazo límite para o envío do formulario: 21 de outubro.**

---

COMPOSTELA CULTURA

CINEUROPA

981 552 290

comunicacion@cineuropa.gal

compostelacultura.gal / cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA

TEATRO PRINCIPAL

ZONA C. PUNTO DE

INFORMACIÓN CULTURAL